



### AMALIA FALA DE ALEXANDRE

*Non temos nen domingos, nen vida familiar... pero, eu dando voltas á cabeza, pensaba: é o único que ten, quítaslle iso e despois..., el non fuma, non bebe, non fai gamberradas. Que siga na política. Levántase ás seis da mañá aínda os domingos. Un día respondeume: penso que os nosos fillos, e debes pensar ti tamén, teñen pan, vestidos, están quentes, críanse fortes e ben, e penso en cantos hai en Galiza que por marchar os pais para fora, por emigrar para non pasar fame, fican as nais e fanse vellas antes de tempo... E penso nos rapaces que van para o monte co gando, que como di Castelao, non poden nin mexaren co frío; que non haxa necesidade de emigrar, que haxa traballo para todos, eu teño que traballar para iso, para que outros fillos e outras mulleres estexan como poden estar os nosos.*

Declaracións de Amalia recollidas na biografía de Bóveda que asina Francisco Carballo nas Actas da Galiza de Bóveda

### CARTA QUE ALEXANDRE BÓVEDA LLE ESCRIBIU A AMALIA HORAS ANTES DE SER ASASINADO

*«Choliñas, Miña Peque, Vidiña:*

*Quixen escribirche moito. Mais xa sabes canto poidera decirche. Perdoame todo, que os peques me lembren sempre; que cumplas todol'os meus encargos.*

*Eu, Almiña, estarei sempre con vós como che prometín.*

*Faltan uns minutos e teño valor, por vós, pola Terra, por todos. Vou tranquiño.*

*Adeus, Vidiña: Vive pra os peques e os vellos, iabrázaos, confórtaos! Sé Ti, miña Pequeña admirable, a máis valente de todos. Alá sentirei ledicia e satisfacción de Ti e de todos.*

*Lembrareivos sempre, velarei sempre por vós.*

*Adeus. Contigo, cos peques, cos vellos todos, estará sempre na lembranza, na máis grande, mais fonda, máis infinda das apertas, o voso,*

*Xandro.*


*PS / recei contigo.»*



*Amalia Álvarez foi a alma de Bóveda mentres viviron xuntos e a súa memoria para nós despois.*

**Amalia Bóveda Álvarez**

*O Concello de Pontevedra inaugurou o 10 de febreiro de 2016 o Parque Amalia Álvarez*



A Memoria das **MULLERES**

# Amalia Álvarez Gallego

*(Lugo 1906 - Pontevedra 2001)*



CONCELLO DE PONTEVEDRA

Concellaría de Patrimonio Histórico



## Amalia Álvarez Gallego

(Lugo 1906 - Pontevedra 2001)

**Amalia Álvarez Gallego** naceu o 10 de febreiro de 1906 en Lugo, onde o seu pai exercía como inspector de ensino primario. A quinta dos seis fillos de Xerardo Álvarez Limeses e Dolores Gallego era aínda unha nena cando, despois dunha curta estadia en Ourense, a familia regresou a Pontevedra. Primeiro residiron en Santa María e logo na rúa Oliva. Amalia realizou os seus estudos primarios na escola da praza de Mugártegui e aínda solteira fixo o primeiro curso de Maxisterio, carreira que remataría xa viúva para poder sacar adiante ás cinco criaturas.

**Coñeceu a Alexandre Bóveda nos ensaios da Sociedade Coral Polifónica**, na que ambos cantaban, e casou con el o 20 de outubro de 1930 na igrexa do mosteiro dos Mercedarios de Poio. Primeiro foron vivir ao Burgo pero un vendaval danou o tellado e mudáronse á rúa Echegaray. Alexandre mercou mesas grandes: quería ter

moitos fillos. Amalia chegou embarazada da lúa de mel e alí naceron os maiores: Xela en agosto de 1931 e, en outubro do 32, o primeiro varón, ao que chamaron coma o pai. Ademais, Amalia sufriu un aborto. Cando en marzo do 34 chegou Xosé Luís xa vivían na Virxe do Camiño, e antes da chegada de Loli en xullo de 1935, mudáranse a Poio, a Andurique.

Na hora da comida e na da cea, Alexandre reunía a toda a familia arredor daquela mesa grande, que el presidía. Era moi familiar. Volvía do traballo asubiando e, ao escoitalo, Amalia ía onda el e pasaban horas falando, dos fillos, das cousas que estudaba, de libros. Encantáballe ler. O único recordo propio que o seu fillo Alexandre conservaba do seu pai era o seu rostro asomado á fiestra do cárcere improvisado na Normal, mentres lles pregaba: *Traédeme libros*. Cando o asasinaron, Xosé Luís aínda non cumprira os tres anos e **Amalia estaba embarazada da quinta filla, que naceu o 5 de xaneiro de 1937, ás cinco e media da mañá, á mesma hora na que, meses antes, asasinaron ao seu pai.**

Pouco antes de que o detiveran, Amalia espertou chorando. Soñara que un soldado o mataba.

*Pero Choliñas? Quen me vai querer facer dano a min?* E o mesmo lle dixo aos que lle pregaron que fuxira. Puido facelo polo balcón da casa dos sogros, pero non quixo. *Quen me vai querer facer dano a min?* Detivérono alí o 20 de xullo. Condenárono a morte o 13 de agosto. Fusilárono o 17, á hora da filla póstuma. Pediulle a Amalia que lle chamara coma ela e que nos días aciagos se cuidase moito para que viñese ben. Levárono á Caeira pola ponte da Barca, desde a que se podía ver a súa casa. **Amalia escoitou os disparos pero non soubo que a deixaran viúva ata que ao día seguinte llo dixo o pai.** Enterrárono sen ela, só os homes das dúas familias.

Durante anos vestiu de negro pero non puido facerlle dó. Tivo que repoñerse da dor para sacar adiante os cinco fillos. **Rematou a carreira e púxose a dar clases nun local alugado en Méndez Núñez, mentres preparaba as oposicións.** Pero o mesmo día que en Pontevedra se celebraban as de Maxisterio, en Madrid había as de Facenda. Amalia pensou que sería máis doado que creceran na súa cidade se renunciaba a ser mestra, pois adoitaban a ser destinadas ao rural, e opositou ás da capital. **Obtivo praza en Cádiz e deixou os cinco nenos repartidos en casas de familiares.**

Uns meses despois trasladárona de novo a Pontevedra pero seguiu afastada da infancia dos fillos, obrigados a estar internos en Madrid en colexios para orfos de Facenda. O das nenas estaba en Carabanchel Alto. Nunca coincidían as tres, nin sequera no comedor, e as monxas tiñanas marcadas por ser fillas dun *rojo*. Un ano que foi de visita Franco, pecharon a unha das pequenas nun cuarto con dúas nenas asturianas ás que o pai lles morrera no cárcere.

A familia de Bóveda sempre estivo marcada. Un día que paseaba con Xela, Amalia atopou a unha familiar que lle espetou: *Esa nena tan bonita é filla dese desgraciado?* Outro día, **unha persoa que cría amiga cuspiulle no velo negro do loito** ao berro de *Aí vai a muller dun asasino!*

Amalia nunca falaba do que pasara. Nunca levou os fillos á Caeira. Tiñan prohibido pasar da fonte da entrada de Campañó. Pero un 17 de agosto, cando a máis nova tiña sete anos, xuntounos aos cinco e contoulles que por amar a Galiza mataran ao seu Alexandre. E de novo o silencio, só roto en murmurios naqueles veráns que a súa amiga Cinta Rey pasaba na casa de Poio, intentando exorcizar a dor inconsolábel na memoria compartida.

**Amalia fíxolle a Cinta unha foto abrazada á árbore na que o 12 de novembro do 36 lle asasinaron ao seu fillo, Víctor Casas Rey.** No mesmo lugar onde mataran a Alexandre. E tamén **colleu cascas do piñeiro e gardounas nun pano que os fillos atoparon tras a súa morte, o 27 de novembro de 2001.**

Participara orgullosa nas homenaxes que coa chegada da democracia lle fixeron ao seu home: no cemiterio de San Amaro, na praza de Curros Enríquez de Pontevedra, na subida á Caeira en Poio... E naquel día de grandes emocións, o 11 de decembro de 1999, cando o Alcalde de Pontevedra, Miguel Fernández Lores, lle entregou a Medalla de Ouro da Cidade e a distinción de Fillo Adoptivo, concedidos a Alexandre Bóveda a título póstumo.

*Que pena que tivesen que matalo para que a xente coñecese o que fixo por Galiza...* dicía Amalia, e loitaba por manter a raia as bágoas que querían fuxirlle dos ollos.

### Fotografías:

- 1 Amalia Álvarez, de cativa | Arquivo familiar
- 2 Retrato de Amalia | Arquivo familiar
- 3 A parella, en Baión.
- 4 Con Alexandre Bóveda, nun paseo en barco polo Lérez.
- 5 Amalia, xa viúva, coas súas crianzas na praia de Silgar. Só na praia quitaba o loito. | Arquivo familiar
- 6 Cinta Rey, nunha foto que Amalia lle fixo abrazada ao piñeiro da Caeira onde mataran ao seu fillo, Vitor Casas | Arquivo particular
- 7 Amalia gardou ata a súa morte casqueiros desa mesma árbore, onde tamén fora asasinado o seu home.
- 8 Homenaxe a Alexandre Bóveda na Caeira. Na imaxe, Fernando Quintela, presidente entón da Fundación Bóveda, destapa a placa en presenza de Amalia.
- 9 Acto de 1999 no que o alcalde de Pontevedra, Miguel Fernández Lores, fai entrega a título póstumo da medalla de Ouro da Cidade a Bóveda, nomeado fillo adoptivo | Rafa Fariña, *Diario de Pontevedra*

Este texto foi realizado polo equipo do programa *A memoria das mulleres* en base ás entrevistas feitas a Amalia Bóveda Álvarez, a filla póstuma, así como á consulta de diversa bibliografía destacando as actas de *A Galiza de Bóveda, Cartafol poético para Alexandre Bóveda* e o artigo "Tralos ollos de Amalia" publicado por María Varela no *Diario de Pontevedra* o 17 de agosto do 2003.